

RESOLUCIÓN do 12 de abril de 2023 pola que se modifica a listaxe definitiva de aspirantes admitidos e excluídos ao procedemento selectivo para o acceso á categoría de auxiliar técnico de servizos convocado por resolución reitoral do 26.11.2021.

Mediante resolución reitoral do 26 de novembro de 2021 (DOG 14-12-2021), convocáronse probas selectivas para cubrir 65 prazas da categoría profesional auxiliar técnico de servizos, grupo IV.1, polas quendas de promoción interna e de acceso libre, vacantes no cadro de persoal laboral.

O total de prazas reservadas para a quenda de acceso libre ascendía a cincuenta e nove (59) das cales se reservaron once (11) para seren cubertas con persoas cun grado de discapacidade igual ou superior ao 33%.

Segundo o establecido na base 3.5 da convocatoria, *as persoas aspirantes que teñan recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33% e opten pola cota de reserva para persoas con discapacidade deberán marcar o cadro correspondente da solicitude e acreditalo mediante certificado expedido para o efecto polos órganos competentes.*

No DOG do 15 de marzo publicouse a resolución reitoral do 6 de marzo de 2023 pola que se aprobaba e facía pública a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas ao procedemento selectivo e se convocabava a realización do primeiro exercicio, contra a que se presentaron e estimaron varios recursos.

Por todo o anterior, **resolvo**:

Modificar a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas, incluíndo na quenda de reserva para persoas con discapacidade a aquelas persoas aspirantes que se acollerón á bonificación da taxa por discapacidade. Esta listaxe deixa sen efectos a publicada con data do 15.03.2023.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo antedito mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela,

O reitor

Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,
13/04/2023 17:22:48.

CSV: F5C5-6243-4132-8C3E